

ACLARACIÓNS:

Artigo 1.2 O alumnado que curso 5º ou 6º de Primaria emprega libro de texto dixital co programa EDIXGAL. As solicitudes entregaranse unicamente para a axuda de material escolar.

Artigo 4.4: Terase en conta a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2021.

Artigo 9.2: A solicitude que se entregue de forma presencial, será única para todos os fillos e nela especificarase o nivel de educación primaria que espera cursar cada un deles no curso 2023-24.

Artigo 9. 5: A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos esixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, que se compromete a conservar en bo estado e a devolver ao finalizar o curso os libros de texto.

Artigo 24.3: Quedarán excluídas as solicitudes que non se puidesen validar por estaren presentadas fóra de prazo, por falta de emenda das deficiencias da solicitude e/ou documentación ou por falta da devolución dos libros de préstamo no curso 2022-23.

Artigo 23.3. O centro non pode expedir un novo vale no caso de extravío por parte do solicitante ou librería.